

Panxoliña e vilancico

O **vilancico** é unha forma musical e poética en castelán e portugués que xorde no século XV.

O término vilancico proven de «*vilán*», persoa do pobo ou vila.

Este tipo de canción profana creábase para as cortes, pero recordaba ás cancións populares que cantaba o pobo para divertirse.



Trataba todo tipo de temas, entre eles o Nadal.

Co tempo, estas composicións comezaron a cantarse nas Igrexas, e o vilancico como xénero popular do XV e XVI, foi caendo en desuso e xa no século XVIII os únicos vilancicos que se lembraban eran os de Nadal.

En castelán o termo *villancico* é polisémico. En galego temos dúas palabras: poderíamos definir vilancico como canción profana renacentista e panxoliña como canto de Nadal.

As principais características musicais do vilancico son:

- Textura polifónica
- Pode ser “a capella” ou incluír instrumentos nalgunha das voces. (Na época non se especificaba a tímbrica nas partituras)
- Ten dúas partes: **retrouso**, que sempre é igual, e **coplas**, que varían ao longo da canción. As coplas teñen unha ou varias partes con distinta música, chamadas **mudanzas**, e unha parte final coa mesma música do retrouso, chamada **volta**.

O compositor de vilancicos máis coñecido é Juan del Encina. As súas composicións quedaron recollidas no Cancioneiro de Palacio.

Alguns exemplos moi coñecidos poderían ser:

- Hoy comamos y bebamos
- Más vale trocar
- Cucú

